

**COMISIÓN ACADÉMICA DO MÁSTER EN
VALORACIÓN, XESTIÓN E PROTECCIÓN DO PATRIMONIO CULTURAL
SESIÓN EXTRAORDINARIA DO 29 DE FEBREIRO DE 2016**

A C T A

Ás 18:00 horas do día indicado reúnense na sala común de e-meeting do máster os membros reseñados a continuación:

Asistentes (7):



Beatriz P. Comendador Rey, Álvaro Arizaga, Natalia Caparrini, Cristina Montojo Santos, Belén Riveiro, Mercedes Solla Carracelas e M^a Beatriz Vaquero Díaz.

ORDE DO DÍA:

PUNTO ÚNICO.- Acordo sobre a participación do profesorado da ESCRBCG SUPERIOR DE CONSERVACIÓN E RESTAURACIÓN DE BENS CULTURAIS DE GALICIA como docentes do *Mestrado en Valoración, Xestión e Conservación do Patrimonio Cultural* no curso 2016/2017.

A coordinadora Beatriz Comendador comeza lembrando que a finalidade da reunión é que o profesorado da ESCRBCG comunique oficialmente á CAM, a súa decisión respecto a continuar participando como docentes no mestrado coas condicións esixidas pola vicerreitoría para a elaboración do POD do curso 2016-17 e que foron trasladadas dende a coordinación.

Sinala que, unha vez que o profesorado da ESCRBCG tomou a súa decisión, que é respectable, e previo ao inminente encargo do POD, o mais urxente é atopar unha vía alternativa e a curto prazo para que a estrutura do máster non caia, por moitas razóns. Informa sobre as xestións realizadas á finais da semana anterior, que permiten propor a existencia dunha vía alternativa estratéxica, que permitiría impartilo o próximo curso, incluso se a decisión do profesorado da ESCRBCG é non participar como docentes. Esa vía,



que segundo os servizos de posgrao e alumnado da UVigo parece viable, consiste en ofrecer na próxima edición do mestrado unicamente o módulo 4, de xeito que se disporía dunha marxe dun ano para presentar a remodelación da titulación, e/ou buscar unha forma de participación na docencia que satisfaga ao profesorado da ESCRBCG e aliviar a situación do alumnado matriculado a tempo parcial no presente curso ou que teña materias pendentes.

Afirma tamén que a caída do máster afectaría negativamente aos restantes profesores (22 internos e 10 externos) e os procesos de remodelación do Doutoramento e acreditación do Grao en Xeografía e Historia.



Por último, indica que supón unha vía pragmática pero estratéxica a curto prazo polas razóns referidas, e por outra banda considera que esta vía é compatible con outras opcións propostas, e que sería posible ofertar un só módulo optativo e ao mesmo tempo falar co reitor, a vicerreitoría e a consellería.

Intervén en segundo lugar o profesor Álvaro Arizaga para transmitir á CAM a decisión do profesorado da ESCRBCG de non participar como docentes do *Mestrado en Valoración, Xestión e Conservación do Patrimonio Cultural* por mor da perda da súa condición de coordinadores e da súa consideración como “invitados” (*vide ANEXO 1: escrito do claustro de profesores da ESCRBCG enviado á coordinadora o 01/02/2016*).

O profesor Álvaro Arizaga informa tamén da intención da ESCRBCG de enviar cartas de protesta ao conselleiro, ao reitor e á coordinación do mestrado, e de solicitar a reunión da Comisión de Seguimento do *Convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia e a Universidade de Vigo, para a realización do título de máster oficial en Valoración, Xestión e Conservación do Patrimonio Cultural, a través da ESCRBCG Superior de Conservación e Restauración de Bens Culturais de Galicia*, asinado o 15 de setembro de 2014.

Ábrese unha rolda de intervencións na que se producen as seguintes:

A coordinadora Beatriz Comendador pregunta se, tal e como parece desprenderse dalgúns correos electrónicos, algúns profesores da ESCRBCG estarían dispostos a adecuar a súa participación ao papel de invitados. Aclara que a reivindicación de aparecer como coordinador ou co-coordinador non é viable posto que non hai cabida para introducir esa figura na aplicación que debe cubrir a universidade para enviar ao ministerio. E pregunta tamén se aparece como unha opción aceptable ofertar un só módulo optativo. Por último, indica que as condicións do profesorado externo non teñen que ver coa xestión do máster senón coa da vicerreitoría de profesorado.



A profesora Cristina Montojo responde que as condicións do profesorado externo son un tema administrativo e de vicerreitoría, razón pola que piden unha reunión co reitor. Cre que é importante poñer sobre a mesa que hai outros mestrados na mesma situación que o noso. E respecto á docencia no módulo 3 afirma que podería manterse con outro profesorado, por exemplo da Universidade de Valencia, e que ela estaría disposta a impartir algunha conferencia como invitada.

Intervén o profesor Álvaro Arizaga para aclarar que cando se expresa como centro, hai consenso e todo o profesorado da ESCRBCG está de acordo en que, fronte á súa reivindicación de ser considerados como profesores universitarios con capacidade docente no ensino superior, o mestrado é secundario. Sinala que non están de acordo coa forma en que se aplica o convenio polo que solicitan a reunión da Comisión de Seguimento, para que posgraos e reitoría expliquen o cambio.



A coordinadora aclara que a súa intención era a de perspectivar o grao de implicación do profesorado da ESCRBCG no futuro do mestrado.

Toma a palabra a profesora Mercedes Solla que ofrece todo o seu apoio á ESCRBCG porque considera que a súa parte é primordial e pide que se conserve o espírito do mestrado. Entende a postura da coordinación no que se refire a priorizar que o mestrado non desapareza, pero indica que comparte a postura do profesorado da ESCRBCG de non aceptar que se lles poña un coordinador posto que como invitados perden importancia.

A profesora Natalia Caparrini afirma ter sentimentos encontrados posto que a titulación ten tres patas e perder á ESCRBCG é perder boa parte do mestrado. Pregunta en que termos se faría a declaración de interese se se gaña un ano e defende a importancia de establecer contacto con outros mestrados para presionar á universidade.

A profesora Belén Riveiro afirma que a vicerreitoría transmite un problema ao mestrado posto que a aplicación da normativa perxudica á terceira pata del que é fundamental. Entende a postura da ESCRBCG se ben transmite un conflito á comisión de mestrado que debe decidir se empezar de cero un novo máster e manifesta que non sabe cal sería a mellor opción.

A coordinadora Beatriz Comendador reitera que ter futuro pasa por conservar o mestrado. Solidarízase co profesorado da ESCRBCG pero afirma que non ten ningunha dúbida sobre o que se debe facer: ante a negativa da ESCRBCG a participar na docencia nesas condicións, a principal obriga da coordinación é a de salvar o mestrado.



O profesor Álvaro Arizaga puntualiza que non son eles os que abandonan senón que é a universidade quen os bota.

A coordinadora contesta que a universidade ofrece unha opción que a ESCRBCG non acepta e que enviar un POD que non cumpra coa norma mataría ao mestrado.

A secretaría Beatriz Vaquero intervén para dicir que conseguir que os profesores da ESCRBCG sexan coordinadores únicos das súas materias, suporía conseguir que o mestrado non se acredite, e polo tanto ese non pode ser o obxectivo da coordinación.

O profesor Álvaro Arizaga afirma que os representantes da ESCRBCG na CAM comunicarán ao claustro a proposta da coordinación e advirte que é posible que a ESCRBCG diga que o actual mestrado non pode ofertarse sen eles.



A coordinadora Beatriz Comendador replica que entende que se refire a que os dous membros da CAM que representan á ESCRBCG votarían en contra de ofertar o mestrado cun so módulo optativo.

A profesora Mercedes Solla intervén para afirmar que non é viable extinguir o mestrado sen perxudicar ao alumnado e polo tanto hai que telos en conta e elixir a opción máis favorable para eles.

A profesora Belén Riveiro afirma que a posición da ESCRBCG é moi respetable aínda que propoña a extinción pero que a decisión final “teremos que tomala entre todos”. Hai moitos damnificados polo cal a decisión non pode depender unicamente da ESCRBCG e debemos ter en conta ao alumnado e ao resto do profesorado.

A coordinadora concorda en que a decisión de conservar ou deixar caer o mestrado temos que tomala na CAM os representantes dos tres centros (*vide ANEXO 2: escrito da coordinación do mestrado enviado ao claustro de profesores da ESCRBCG o 02/02/2016*).

A CAM finalmente acorda por asentimento redactar un escrito de protesta dirixido ao reitor e ao conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, no que se solicite unha revisión do convenio asinado en 2014, co fin de que se manteñan as condicións en que o profesorado da ESCRBCG participaba no mestrado en *Valoración, Xestión e Conservación do Patrimonio Cultural*, posto que o cambio nas condicións do profesorado externo



compromete gravemente a súa viabilidade. Acórdase que propoñan un texto os representantes da ESCRBCG na CAM.

Tamén acorda que a coordinadora tratará de pórse en contacto coa coordinadora do máster de Maxisterio así como de outros posibles mestrados que teñan profesorado externo, para coñecer se se atopan na mesma situación que o noso, e para intentar que se sumen á protesta do claustro de profesores da ESCRBCG. Do mesmo xeito, Cristina Montojo e Alvaro Arizaga, acordan falar cos do Mestrado en Escenografía da Universidade de Vigo, por razón semellante.

E sen máis asuntos que tratar, remata a sesión.

Ourense, a 29 de febreiro de 2016

A Coordinadora

Asdo. Beatriz Comendador Rey

A Secretaria

Asdo. Mª Beatriz Vaquero Díaz


DILIXENCIA

Para facer constar que esta Acta foi lida e aprobada na Comisión Académica do Máster en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural do día 10/03/2016.


A Secretaria,

Mª Beatriz Vaquero Díaz

ANEXO 1: Escrito do claustro de profesores da ESCRBCG (enviado 01/03/2016).



HTCO₃



MÁSTER EN VALORACION,
GESTIÓN E PROTECCIÓN DO
PATRIMONIO CULTURAL



**Carta master - para
coordinadora - envi:**

ANEXO 2: Escrito da coordinación do mestrado (enviado 02/03/2016).



**Escrito
coordinacion master:**